



RESOLUCIÓN DA 9ª PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A RESERVA E OCUPACIÓN DE PRAZAS EN CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA ÁREA METROPOLITANA 1 NA MODALIDADE DE CONCERTO.

Expediente núm.: PA 3/2010 Lote 1

Asunto: Resolución da prórroga do contrato. 9ª

ANTECEDENTES

1. No momento actual atópase vixente o contrato que deseguido se detalla:

Expediente	Entidade	Data inicio contrato	Data fin contrato
PA 3/2010 Lote 1	ASOCIACIÓN NUESTRA SEÑORA DE CHAMORRO	06/04/2010	31/12/2010

2. O prazo de execución do contrato, esténdese ata o 31 de decembro de 2020.
3. Segundo o sinalado na memoria económica explicativa da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade propón a 9ª prórroga do contrato de xestión de servizos públicos, polo período que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.
4. No expediente consta a aceptación da prórroga proposta, nos termos que nesta resolución se recollen, asinada polo seu representante legal.
5. A Asesoría Xurídica informa favorablemente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Que a Consellería de Política Social é o departamento competente de conformidade coa habilitación competencial que lle outorga a Disposición adicional 10ª do Decreto 177/2016 ao Decreto 42/2013, do 21 de febreiro (D.O.G núm. 46 do 6 de marzo de 2013), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.
2. Que as necesidades que, no seu momento, motivaron a contratación, permanecen vixentes.
3. Que sendo de aplicación as previsións en materia de contratación, segundo as que o contrato de xestión de servizos públicos non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, fixándose necesariamente no prego de cláusulas administrativas particulares a súa duración e a das prórrogas de que poida ser obxecto, sen que poida exceder a súa duración, da data do 5 de abril de 2035.





4. Que as cláusulas administrativas particulares que rexen as contratacións, prevén unha prórroga de mutuo acordo nos termos previstos na lexislación vixente, así como que os prezos da contratación revisaranse segundo a variación que experimente o IPC galego, tendo en conta a aplicación do artigo 77 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Vistos os antecedentes e fundamentos xurídicos citados, os preceptos legais sinalados e no uso das facultades que teño atribuídas polo artigo 1 da orde do 3 de marzo do 2016, sobre delegacións de competencias nos órganos superiores e nos xefes/as dos departamentos territoriais desta consellería (DOG nº 54, do 18/03/2016), consonte á disposición adicional 9ª do Decreto 177/2016, do 15 de decembro,

RESOLVO:

Autorizar a 9ª prórroga do contrato de xestión de servizos públicos, RESERVA E OCUPACIÓN DE PRAZAS EN CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA ÁREA METROPOLITANA 1 NA MODALIDADE DE CONCERTO, polo período que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021, de acordo co detalle seguinte:

Expediente /Lote	Tipo de prazas	Núm. prazas	Día/ Mes	Tipoloxía	Núm. días	Prezo unitario	Prezo admón	TOTAL	Data revisión	Código proxecto
PA 3/2010 L1	Atención diurna	33	Mes	Media Pension	220	1.100,21	905,25	358.479,00	06/04/2020	2006 435
PA 3/2010 L1	Transporte	33	Día	Media Pension	220	9,28	8,35	60.621,00	06/04/2020	2009 250

A prórroga financiarase no importe total de 419.100,00 euros, para o que existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, de acordo coa seguinte desagregación orzamentaria:

- **Servizos asistenciais:** 13.04.312D.228.2 (Cód.Prox.: 2006 435) 358.479,00 €
- **Servizos de transporte:** 13.04.312D.228.2 (Cód.Prox.: 2009 250) 60.621,00 €

Contra a presente resolución, que esgota á vía administrativa, de acordo co artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativo competente, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou ben interpoñer o recurso potestativo, no prazo dun mes, ante o órgano de contratación.

Notifíquese a presente resolución aos interesados.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A conselleira de Política Social

(P.D. (Art. 1 da Orde do 03/03/2016))

A secretaria xeral técnica

